



Para o seu coñecemento e efectos notifícasele a seguinte Resolución de Alcaldía de data 23 de febreiro de 2017 de convocatoria da sesión extraordinaria e urxente de Pleno:

“RESOLUCIÓN ALCALDÍA CONVOCATORIA PLENO EXTRAORDINARIO E URXENTE

Vista a providencia de alcaldía do 23.02.2017 de convocatoria de pleno extraordinario e urxente obrante no expediente.

De conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e nos artigos 78 e 80 do real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Convocar sesión extraordinaria e urxente do Concello Pleno a celebrar o 24 de febreiro de 2017, venres, ás 12:00 horas en primeira convocatoria, e corenta e oito horas máis tarde en segunda convocatoria.

SEGUNDO.- Fixar a seguinte ORDE DO DÍA:

- 1.- APROBACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.
- 2.- POS + 2017.

TERCEIRO: Notificar a presente Resolución aos Srs. Concelleiros membros do órgano colexiado e á Interventora municipal, advertíndolles que, conforme ao disposto polo artigo 12.1 do RD 2568/86 do 28 de novembro, deberán comunicar con antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir a citada sesión.

CUARTO: Que pola Secretaría e a Intervención, se poña a disposición dos Srs. Concelleiros a documentación dos asuntos incluídos na orde do día”.

O que lle dou traslado pola súa condición de interesado.

Coristanco, 13 de febreiro de 2017

A Secretaria,



M^a del Carmen Seoane Bouzas

